

غزة GAZA: صدى O ECO DOS المنسيين ESQUECIDOS

GAL

“A cuestión palestina é máis que un problema de fronteiras (hudud),
é un problema de existencia (wuyud)”.

Rashad Abu-Sháwir

O xenocidio de Gaza está a ser tendencia nos últimos meses, por non dicir anos. Dende a maioría dos medios tradicionais dispúxose unha barreira á hora de mostrar a información e converteuse nunha guerra discursiva de dous bandos cunha clara desigualdade entre eles, na que o gran público queda cos “ecos”, as pequenas pinceladas que se mostran nos informativos e sen coñecer en profundidade a realidade dun conflito que está a acabar cun pobo enteiro. A exposición “Gaza: o eco dos esquecidos” presenta a realidade dun xenocidio en Gaza a través da perspectiva de tres reporteiros gráficos gazatís: Mohammed Zaanoun, Abood Abu Salama e Ahmed Zakot que documentan os actos do exército israelí dende dentro, dando unha visión real sobre os crimes contra a humanidade. Esta exposición tamén busca destacar as vítimas, os “esquecidos”, os seres humanos con nome e apelidos, que son ignorados de mutuo acordo nos medios de comunicación de masas, mostrando a súa vida cotiá e o impacto real do masacre nas súas vidas.

PALESTINA A TRAVÉS DO TEMPO

1947: Plan de Partición de Palestina aprobado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas. División do territorio en dous estados independentes; un estado xudeu e un estado árabe palestino e Xerusalén baixo un réxime internacional.

1948: Plan rexeitado polos líderes árabes, o que nos leva á guerra árabe-israelí de 1948. Israel declarou a súa independencia e estableceuse como un estado soberano. Gran parte de Palestina quedou ocupada por Exipto e Xordania.

NAKBA: Inicio de 76 anos de exilio. O 15 de maio de 1948, case un millón de persoas (máis de 700.000) foron convertidas en refuxiadas na súa propia terra.

1967: Guerra dos seis días. Israel ocupa os territorios da Franxa de Gaza e a Ribeira Occidental, incluíndo Xerusalén Oriental, que anexionou posteriormente. Segundo éxodo. Un dos momentos máis críticos da historia do pobo palestino. Hai un antes e un despois na situación política da rexión.

1974: Na Asemblea Xeral reafirmáronse os dereitos inalienables do pobo palestino á libre determinación, á independencia nacional, á soberanía e ao regreso dos refuxiados.

1987: Primeira Intifada: levantamento popular dos palestinos contra a ocupación israelí.

1988: O Consello Nacional de Palestina reunido en Alxer proclamou o establecemento do Estado de Palestina.

2000: Fracasas as negociacións de paz entre Israel e Palestina, o que leva ao estoupido da Segunda Intifada. A violencia e os enfrontamentos prolongáronse durante varios anos.

2005: Israel retirouse unilateralmente da Franxa de Gaza

2006: Hamás gaña as eleccións parlamentarias palestinas con un 44% dos votos e recibe o encargo de formar goberno.

2007: Hamás toma o control de Gaza, o que leva a un bloqueo económico e militar por parte de Israel.

2012: Novo ciclo de violencia entre Israel e Gaza. Alto o fogo negociado por Exipto.

Xullo-agosto de 2014: Volven estoupar enfrontamentos novos entre Israel e Gaza. Desde entón, sufriron varios conflitos armados.

Actualidade: Tralos acontecementos do 7 de outubro de 2023, as lamentables condicións de vida dos gazatís a mans do Estado de Israel son incuestionables, así como a negativa por recoñecer a existencia dun pobo, o palestino.

A NAKBA

O pobo palestino atópase nunha Nakba que parece non ter fin. As deplorables condicións de vida impostas polo Estado de Israel, así como a persistente negativa a recoñecer a existencia e o dereito á vida do pobo palestino, son aspectos que non poden ser ignorados. É imperativo que non se lexitime o esquecemento e a negación da súa existencia. Actualmente, somos testemuñas dun xenocidio que se desenvolve ante os nosos ollos en directo. Pese a que se está a vulgar pola Corte Penal de Xustiza, que emitiu ordes de arresto contra Benjamin Netanyahu e o seu ex-ministro de Defensa, Yoav Gallant, ou pola vía pola que optou Sudáfrica, denunciando a Israel polo incumprimento da Convención para a prevención e a curación do delito do xenocidio fronte á Corte Internacional de Xustiza das Nacións Unidas en decembro de 2023, estas medidas resultan ineficaces polas poucas mostras de condena que existen na comunidade internacional. O paso fundamental para restituír o pobo palestino é devolverlle o que lexitimamente lle pertence: a súa terra.

Ao longo das décadas, o pobo palestino mantivo e mantén a idea de *sumud* (resistencia) ante a ocupación sionista. A cotiandade de todo un pobo vese obstaculizada polas arbitrariedades militares, os puntos de control e os decretos de demolición das vivendas, ademais do asasinato indiscriminado de civís. Neste contexto, *sumud* eríxese como o comezo, o punto de partida para reconstruír e atopar formas de resistir.

Como sinala a periodista Teresa Aranguren na súa obra *Contra o esquecemento. Unha memoria fotográfica de Palestina antes da Nakba 1889 – 1948*: “Todo o que existe deixa pegada. Por moito que se intente borrar, a pegada daquela Palestina que foi, a daquelas xentes que serían expulsadas da súa terra e das súas vidas en 1948, permanece no oco que deixou a súa ausencia”.

HOSPITAL AL SHIFA. OS CRIMES SOTERRADOS

Protagonizado polos palestinos que sobreviviron aos devastadores bombardeos de Israel no complexo hospitalario máis grande da Franxa de Gaza, *Hospital Al Shifa. Os crimes soterrados* relátanos o asedio final contra o Hospital de Al Shifa dende o 18 de marzo de 2024 até o 1 de abril do mesmo ano.

Este documental comezou a súa gravación horas despois da retirada das tropas israelís para intentar paliar as conseguíntes declaracións do Estado de Israel sobre os feitos acaecidos durante os 14 días de bombardeos, destrución, torturas, fame, arrestos, humillacións e asasinatos.

No transcurso deste filme, seguimos os pasos de varias testemuñas, presentando unha visión completa e complementaria de cada un dos relatos que nel nos contan. Como asegurou o director turco da produción Al Baghdadi nunha entrevista ao medio español elDiario na presentación do documental en Madrid: *“Hai distintas testemuñas para que a visión sexa completa, os seus relatos son complementarios. A enfermeira viu o que lles pasou aos homes detidos; un detido viu o que lles pasou ás enfermeiras; os seus testemuños coinciden, o cal é unha proba máis da súa credibilidade.”*

OS FOTOXORNALISTAS

Mohammed Zaanoun, reporteiro gráfico independente gazatí de 38 anos, ganou múltiples premios tanto a nivel arábigo coma a nivel internacional polas súas fotografías como reporteiro de guerra.

Dende o comezo do asedio total da Franxa de Gaza, o 7 de outubro de 2023, Mohammed Zaanoun fotografou a devastación de Gaza baixo as bombas israelís e as súas fotos son testemuño do terror dos civís que son branco dos bombardeos israelís.

Abdulrahman Abu Salama, tamén coñecido como Abood Abu Salama, é un periodista e fotógrafo palestino da cidade de Gaza. Nado en abril de 1997, vive actualmente no campo de refuxiados de Xabalia, no norte da Franxa de Gaza.

Aboud describe a través das súas fotografías a trágica situación que presencia en Gaza. Establece unha comparación entre os momentos de alegría previa á guerra e a tristeza posterior. O soño gazatí converteuse simplemente en durmir e espertar con vida.

Ahmed Zakot é natural da cidade de Gaza. Comezou a traballar coa axencia de noticias Reuters como fotógrafo dende o 2002 até o 2020. Cubriu as catro guerras na Franxa de Gaza, así como a vida cotiá na Franxa e a vaga de divisións e disputas internas.

Actualmente, traballa como operador de cámara independente para moitas institucións de ONG na Franxa, traballando na coordinación e cobertura das súas actividades e proxectos.

INCURSIÓN NA FRANXA DE GAZA DENDE O ANO 2000

A franxa de Gaza é un territorio de 41 quilómetros de longo e 10 quilómetros de ancho situado entre Israel, Exipto e o mar Mediterráneo.

Dende principios dos 2000, aconteceu nela toda unha serie de ataques de Israel contra Gaza que se estenden ata a actualidade. Os principais foron:

2004: Operación “Días de Penitencia”: 7 palestinos mortos e 430 feridos

2006: Operacións “Chuvia de verán”, “Columnas de Sansón” e “Nubes de outono”:

2008: “Operación Inverno quente”. Durante o ano 2008, coas diversas hostilidades morreron un total de 402 palestinos.

2009: “Operación Chumbo fundido”. Durante o ano 2009, coas diversas hostilidades morreron un total de 983 palestinos.

2012: “Operación Piar defensivo”. Durante o ano 2012, coas diversas hostilidades morreron un total de 168 palestinos.

2014: “Operación Marxe protectora”. Este ano remata cun alto o fogo temporal. Durante o ano 2014, coas diversas hostilidades morreron un total de 2.251 palestinos.

2018: O 30 de marzo, houbo unha gran manifestación pacífica contra o bloqueo da Franxa, pero rematou en masacre: 189 mortos e 6.000 feridos.

2021: “Operación Gardián dos muros”. O 10 de maio marcou o inicio do enfrontamento militar entre Israel e Gaza. A guerra rematou o 21 de maio dese mesmo ano cun alto o fogo. Durante o 2021, coas diversas hostilidades morreron un total de 261 palestinos.

2023: En 2023, entre o 1 de xaneiro e o 6 de outubro, o Tzahal (Forza de Defensa Israelí) xa matara a 248 palestinos nos territorios ocupados e detivera a 5.200. En resposta ao ataque que Hamás lanzou cara a territorio israelí o 7 de outubro, Israel levou a cabo a operación “Espadas de ferro”. Dende o 7 de outubro de 2023, asistimos a unha situación humanitaria cada vez máis grave en Gaza. Do mesmo xeito, o 19 de novembro, lanzaron o primeiro aviso sobre o Hospital de Al-Shifa cando o complexo hospitalario acollía arredor de 2.300 pacientes.

2024: Destrución premeditada do Hospital de Al-Shifa, centro de referencia e o máis grande de toda Gaza.

OS DIRIXENTES ISRAELÍS

Outubro, 2023. Benjamin Netanyahu (primeiro Ministro) comparou aos palestinos cos amalequitas, un pobo que foi exterminado por Deus segundo a Biblia. “Debedes de lembrar o que Amalek vós fixo, di a nosa Santa Biblia. Nós lembrámolo e estamos loitando”.

Xuño, 2024. Itamar Ben- Gvir (ministro de Seguridade Nacional de Israel): “Pregúntanme se os presos palestinos deben recibir comida... e digo eu que os reos palestinos deben ser asasinados dun tiro na cabeza”.

Febreiro, 2024. May Golan (ministra de Igualdade Social e Empoderamento da Muller): “Estou orgullosa das ruínas de Gaza! Que cada bebé, incluso dentro de 80 anos, lle conte aos seus netos o que fixeron os xudíos cando asasinaron ás súas familias, os violaron e secuestraron aos seus cidadáns!”.

Novembro, 2023. Avi Dichter (ministro de Agricultura) describiu a evacuación do norte en outubro como: “Gaza Nakba 2023. Así é como rematará”.

Outubro, 2023. Yoav Gallant (ministro de Defensa): “estamos loitando contra animais humanos e actuamos en consecuencia”.

A SITUACIÓN ACTUAL

O 9 de decembro de 1948, aprobouse a Convención para a Prevención e a Sanción do Delito do Xenocidio pola Organización das Nacións Unidas. Na actualidade, 154 países ratificaron ou adheríronse a tal Convenio. Segundo o seu artigo II, enténdese por xenocidio calquera acto cometido «coa intención de destruír, total ou parcialmente, un grupo nacional, étnico, racial ou relixioso como tal». Trátase, prosegue o texto, dun proceso que adopta as seguintes formas: «a) matanza dos membros do grupo; b) lesión grave á integridade física ou mental dos membros do grupo; c) sometemento intencional do grupo a condicións de existencia que traian como consecuencia a súa destrución física, total ou parcial; d) medidas destinadas ao impedimento de nacementos no seo do grupo». Esta descrición define o que está a acontecer nos últimos anos en Gaza.

A destrución sistemática dos últimos anos arrasou con toda a vida e a historia do pobo gazatí: casas, hospitais, colexios, bibliotecas e universidades. Así mesmo, as Tzahal, as forzas militares israelís, eliminaron a intelectualidade palestina: académicos, científicos, médicos, administradores, técnicos, xornalistas, artistas, intelectuais e poetas. En palabras do doutor en Historia Enzo Traverso: “A poboación palestina de Gaza está sometida a un masacre planificado e implacábel, desarraigada e privada das condicións máis básicas para a supervivencia. A guerra de Israel en Gaza está adquirindo as características dun xenocidio, pero non se fai nada. O termo xenocidio está prohibido polos medios de comunicación que, cando se ven obrigados a empregalo, apresúranse a encerralo entre aspas e invitan a un «experto» a matizar a acusación cando non se limita a negala.”

A situación actual de Gaza deixa arredor dun millón e medio de palestinos, máis da metade da súa poboación, trasladados dentro das súas propias terras.

UNRWA

Tras máis dun ano do bombardeo máis intenso sobre unha poboación civil dende a Segunda Guerra Mundial, e de restrición da axuda humanitaria, as vidas dos palestinos e palestinas están esnaquizadas.

Prohibiuse aos equipos dos medios de comunicación internacionais entrar libremente e informar sobre a crise humanitaria e o impacto da guerra. Os periodistas palestinos teñen a miña admiración. Seguen a portar o facho a pesares de que demasiados de eles foron asasinados. Sen o valor e a determinación dos periodistas palestinos non saberíamos nin comprenderíamos o alcance da traxedia que se está a desenvolver en Gaza.

No medio desta implacable miseria, UNRWA segue sendo a columna vertebral da resposta humanitaria. Pagamos un prezo terrible, con 254 membros do persoal asasinados en 13 meses.

Vivimos tempos perigosos e impredecibles. A falta de accións significativas na defensa do dereito internacional está a debilitar os cimentos do noso sistema multilateral e terá consecuencias.

O futuro das persoas refuxiadas de Palestina é unha responsabilidade compartida. Os nosos dereitos e o noso futuro están en xogo hoxe en Gaza. Deben ser defendidos e restaurados. O noso compromiso con eles é unha proba para a nosa humanidade compartida á que fallamos durante demasiado tempo.

Philippe Lazzarini,
Comisionado Xeral da UNRWA